

## **MOCIÓN DO PSdeG - PSOE PARA DOTAR DE ABASTECIMIENTO DE AUGA ÁS PARROQUIAS DO LITORAL.**

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O abastecemento de auga as poboacións atópase directamente relacionado coa calidade de vida da poboación, debéndose considerar como un dereito fundamental. De feito, así é considerado polas Nacións Unidas.

Por outra banda, podemos considerar que a propia Constitución Española, a través do artigo 43.1, no que se recoñece o dereito á protección da saúde, de maneira implícita está a recoñecer como un dereito o acceso ao abastecemento de auga para fins domésticos, pois non hai que esquecer que a non dispoñibilidade dun abastecemento adecuado leva necesariamente a aparición de numerosas enfermidades.

Dado o carácter de dereito do acceso á auga potable, deberá primar sempre a garantía do acceso universal ao servizo e a calidade do mesmo, por encima de aspectos económicos. Neste sentido, as administracións públicas deberán garantir o acceso con independencia da súa dispoñibilidade económica.

Por outra banda xa entrou en vigor o novo contrato de abastecemento de auga e que prevé unha partida de 2 millóns destinada a obras de mellora e ampliación das redes municipais.

Por todo isto, e neste caso en concreto, propoñemos o Pleno da Corporación adopte o seguinte :



ACORDO.

O goberno municipal, de forma urxente, iniciará as accións necesarias para dotar de abastecemento de auga aos lugares do litoral de Carballo..

Carballo a 15 de Setembro 2017.  
María Carmen Vila Branco.  
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL